

Acreditación competencias dixitais do alumnado que cursa 4º ESO.

O alumnado que obteña o título da ESO neste curso recibirá un certificado que acredita unha competencia dixital ComDix Iniciación (equivalente a un A2) de xeito automático.

No caso de que este alumnado de 4º ESO queira acreditar unha competencia dixital de nivel intermedio (equivalente a un B2) deberá presentarse a unha proba específica de acreditación que se realizará no centro educativo durante o mes de maio. Para poder realizar esta proba é necesario presentar unha solicitude na secretaría do centro educativo segundo o modelo ANEXO IV, dispoñible na páxina web e na conserxería do centro. A data límite para entregar dita solicitude será o xoves 14 de marzo.

A superación desta proba supón a obtención da acreditación do nivel intermedio, independentemente de que o alumnado obteña o título da ESO.

Estas acreditacións teñen unha validez de 5 anos a partir da proposta do título ou realización da proba específica.

Acreditación competencias dixitais do alumnado que cursa 2º Bacharelato

O alumnado que obteña o título de bacharelato neste curso recibirá a acreditación parcial de competencia dixital ComDix Intermedio de xeito automático.

No caso de que este alumnado de 2º Bacharelato queira acreditar totalmente a competencia dixital de nivel intermedio (equivalente a un B2) deberá presentarse a unha proba específica de acreditación que se realizará no centro educativo durante o mes de abril. Para poder realizar esta proba é necesario presentar unha solicitude na secretaría do centro educativo segundo o modelo ANEXO IV, dispoñible na páxina web e na conserxería do centro. A data límite para entregar dita solicitude será o xoves 14 de marzo.

O alumnado que titula en bacharelato e non supera a proba de acreditación total ou ben supera a proba de acreditación total e non titula poderá solicitar no centro un documento acreditativo (ANEXO I)

Estas acreditacións teñen unha validez de 5 anos a partir da proposta do título ou realización da proba específica.

Acreditación competencias dixitais do alumnado que acadaron o título da ESO no curso 21/22 e 22/23

O alumnado que acadou o título de ESO durante os cursos 21/22 e 22/23 tendo participado no programa e-dixgal nun mínimo de 3 cursos pode solicitar a acreditación da competencia dixital ComDix Inicial (equivalente a A2) no centro no que rematou 4º ESO .

As persoas que desexen solicitar a acreditación deberán presentar unha solicitude (anexo V) entre o 2 e o 15 de maio no centro no que rematasen 4º ESO. Esta solicitude debe ir acompañada dun documento que acredite a súa participación no programa e-dixgal (anexo VI).

Esta acreditación teñen unha validez de 5 anos.